



Con data 25 de setembro de 2017, ditouse a Resolución de Alcaldía, que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

En relación co procedemento de licitación do contrato da obra, “Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes, realizouse con data 28/08/2017 a apertura en acto público do sobre nº 2, criterios cuantificables de forma automática. A vista do resultado da mesma a Mesa de Contratación acorda requirir xustificación á empresa Gestiones e Inversiones Alper S.L.

Con data 13/09/2017 o arquitecto técnico municipal emite informe relativo ao escrito de contestación ao requirimento presentado pola devandita con data 04/09/2017.

*Co fin de continuar coa tramitación do procedemento de licitación e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ó abeiro do prego de cláusulas administrativas aprobado en data 08/05/2017, para a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, da obra de “RESTAURACIÓN DO PALCO DA MÚSICA DO CANTÓN DE DIÓMEDES”, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, ***en sesión non pública, para o vindeiro, mércores, día 27 de setembro de 2017, ás 10,00, no Salón de Sesións,*** a efectos de:

*1º.-*Posta en coñecemento do informe emitido polo arquitecto técnico municipal á documentación xustificativa presentada pola empresa que incorre en baixa temeraria e acordo da Mesa de Contratación aos efectos e admisión de propostas económicas presentadas.

*2º.-*Outorgamento de puntuacións ás empresas admitidas á licitación e proposta da Mesa de Contratación de oferta máis vantaxosa.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Tui e no Perfil do Contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se pon en público coñecemento.

O Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González, en Tui.
Documento asinado dixitalmente á marxe.